



## **REGULAMENTO DO CAMPIONATO PROVINCIAL DE LUGO CAMPO A TRAVÉS 2018/2019**

O Campionato provincial de Lugo de Campo a través, terá lugar o día 1 de decembro de 2019 na localidade de Portomarín, coincidindo coa disputa do Cros Portomarín – Trofeo Verxel.

A saída e a meta estarán situadas no circuío do embalse, no Concello de Portomarín.

**PARTICIPACIÓN:** No Campionato Provincial de campo a través só poderán participar os/as atletas con licenza federativa, nacional ou autonómica, en vigor para a tempada 2018–2019 tramitada pola Delegación Lucense, que pertencen a un Club Lucense ou que naceran na provincia de Lugo (debendo acreditar estes últimos posuír licenza federativa, nacional ou autonómica, en vigor para a tempada en curso). Coa data de nacemento ata o ano 2003 e anteriores. Os/as atletas que incumpran o presente apartado non poderán participar.

### **CONDICIÓNS:**

1. Ser cidadán español (acreditado mediante o carné de identidade).
2. Ser lucense de nacemento (acreditado mediante o carné de identidade ou partida de nacemento)
3. Con domicilio legal na provincia de Lugo (acreditado mediante certificado de empadramento).
4. Estar en posesión de licenza federativa por un club da provincia de Lugo para a tempada 2018 – 2019.

**INSCRICIÓNS:** Os clubs e atletas federados deberán inscribirse na Extranet da RFEA. Dispoñen de prazo para a inscrición ata as 20:00 horas do mércores 27 de novembro.

**CLASIFICACIÓNS E PREMIACIÓNS:** Para o Cto. Provincial Individual estableceranse as categorías e premiación sub 18, Sub 20, sub 23 e máster 35, máster 40 e sucesivamente ata completar participación de 5 en 5 anos, tanto en categoría masculina coma feminina. Haberá premiación para os tres vencedores absolutos en categoría masculina e feminina.

Haberá premiación aos tres primeiros equipos masculinos e femininos absolutos:

1. Equipo Masculino: puntuando os tres primeiros atletas con independencia da súa categoría.
2. Equipo Feminino: puntuando as tres primeiras atletas con independencia da súa categoría.